




Anotada en el Libro de Resoluciones de la Junta de Gobierno Local, con el núm.: RES/AYT/19313/2022 06/09/2022

Area / Unidade RR.HH PE0000 AMG	Documento 10816IOBXV	
Código de verificación  0W0M 4741 0N30 0X4U 0CSI	Expediente 108/2022/1547	
	Data 31-08-2022	

**Asunto:** Cobertura, en comisión de servizos, do posto de Técnico/a de Orzamentos do Servizo de Orzamentos e Estudos Económicos (ref. posto 74).

## RESOLUCIÓN

### ANTECEDENTES DE FEITO

**Primeiro.-** A xefa de Departamento de Orzamentos e Estudos Económicos co visto e prace do Director de Economía, Facenda e Réxime Interior, remite ao Servizo de Recursos Humanos unha solicitude de convocatoria pública para a cobertura, mediante comisión de servizos, do posto de Técnico/a de Orzamentos do Servizo de Orzamentos e Estudos Económicos.

Dita cobertura temporal de posto solicítase porque considerase imprescindible a súa cobertura para poder atender a carga de traballo existente na actualidade no Servizo de Orzamentos e Estudos Económicos.

**Segundo.-** Con data 12 de agosto de 2022 o Servizo de Recursos Humanos publica un anuncio de convocatoria para a cobertura temporal, entre outros, do seguinte posto de traballo:

1. Téc. de Orzamentos do Servizo de Orzamentos e Estudos Económicos (referencia 74)

No citado anuncio, indicase o persoal funcionario de carreira, que conforme a RPT vixente e as normas de xestión, reúnan os requisitos necesarios para a ocupación de este posto de traballo e que queiran participar nesta convocatoria, deberán presentar a correspondente solicitude nun rexistro municipal ou na sede electrónica, acompañada dun currículo, no prazo de 5 días hábiles, a contar desde a publicación deste anuncio.

**Terceiro.** As características do posto de traballo a cubrir, segundo os datos que constan na Relación de Postos de Traballo vixente, son as que se detallan na seguinte táboa:

Servizo	Código	Unidade Org.	Posto	Ref.Posto	G	N	Esc	C.E.
Orz. Est.Eco.	SH0000	Orz. Est. Económ.	T. Orzamentos	74	A1/A2	24	AX/AE	FR11 ED

## CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

**Primeira.-** O artigo 96 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, regula a comisión de servizos voluntaria, onde establece que os postos de traballo reservados ao persoal funcionario de carreira pódense prover excepcionalmente e de maneira temporal mediante unha comisión de servizos voluntaria. O artigo 64.6 do Real Decreto 364/1995 de 10 de marzo polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado establece que aos funcionarios en comisión de servizos reservaráselles o posto de traballo, o que hai que relacionar que o apartado 8 do art. 4 do Decreto 92/1991 de 20 de marzo polo que se aproba o regulamento de situacións administrativas dos funcionarios da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia dispón que a comisión de servizos será desempeñada voluntariamente salvo nos casos de carácter forzoso.

**Segunda.-** A xefa de Departamento de Orzamentos e Estudos Económicos co visto e prace do Director de Economía, Facenda e Réxime Interior, unha vez examinadas as solicitudes recibidas e os CV dos candidatos presentados, remite ao servizo de Recursos Humanos unha proposta de nomeamento de Dona M<sup>a</sup> José Fariñas Míguez, en comisión de servizos, no posto de Técnica de Orzamentos do Servizo de Orzamentos e Estudos Económicos (n<sup>o</sup> ref. 74).

**Terceira.-** Considerando a urxente necesidade de cobertura do posto de Técnica de Orzamentos (n<sup>o</sup> ref. 74) e con fin de que non se produza discontinuidade no funcionamento do Servizo de Orzamentos e Estudos Económicos, e tendo en conta o disposto nos arts. 81 e 84 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, o art. 101 da Lei de Bases de Réxime Local e o art. 96 e ss da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia e o art. 3 do Decreto da Xunta de Galicia 93/1991 de 20 de marzo e demais normas concordantes, así como que a funcionaria proposta reúne os requisitos, procede destinar a Dona M<sup>a</sup> José Fariñas Míguez, en comisión de servizos, ao posto de traballo de Técnica de Orzamentos do Servizo de Orzamentos e Estudos Económicos co número 74 na RPT.

**Cuarta.-** Esta comisión de servizos ten carácter temporal e a súa duración será dun ano. Dita comisión de servizos pode prorrogarse un ano máis ou ata a celebración, no seu caso, do correspondente proceso de provisión de postos. Unha vez terminada esta comisión de servizos, a citada funcionaria volverá ao seu posto de orixe en caso de non obter este posto con carácter definitivo polos sistemas legalmente establecidos.

As características do citado posto de traballo son as seguintes:

Servizo	Código	Unidade Org.	Posto	Ref.Posto	G	N	Esc	C.E.
Orz. Est.Eco.	SH0000	Orz. Est. Económ.	T. Orzamentos	74	A1/A2	24	AX/AE	FR11 ED

**Quinta.** O posto de orixe de Dona M<sup>a</sup> José Fariñas Míguez, segundo os datos que constan na Relación de Postos de Traballo, descríbese na seguinte táboa:

Servizo	Código	Unidade Org.	Posto	Ref.Posto	G	N	Esc	C.E.
Orz. Est. Ec.	SH0000	Orz. Est. Ec.	Xest. Ec. Orzam.	85	A2	22	AX	FR09 ED



**Sexta.-** Os custos que xenere esta comisión de servizos atópanse orzados no grupo de programa 931, existindo crédito adecuado e suficiente para iso.

**Sétima.-** O órgano que ostenta a competencia en materia de persoal, segundo o disposto no art. 127.1. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, é a Xunta de Goberno Local. Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/06/2019 (BOP nº 124 de 03/07/2019), atribúese delegación xenérica en materia de xestión de persoal ao Concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior.

Á vista do informe emitido polo servizo de Recursos Humanos, o Concelleiro de Economía, Facenda e Réxime Interior por delegación da Xunta de Goberno Local do 28/06/2019 (BOP núm. 124 do 03/07/2019), en uso das facultades que ten conferidas,

### **RESOLVE:**

1. Destinar a Dona M<sup>a</sup> José Fariñas Míguez (NIF \*\*8315\*\*\*), en comisión de servizos, ao posto de Técnica de Orzamentos do Servizo de Orzamentos e Estudos Económicos (nº ref. 74).

As características do posto a ocupar son as descritas na seguinte táboa:

Servizo	Código	Unidade Org.	Posto	Ref.Posto	G	N	Esc	C.E.
Orz. Est.Eco.	SH0000	Orz. Est. Económ.	T. Orzamentos	74	A1/A2	24	AX/AE	FR11 ED

Os efectos económicos e administrativos desta comisión de servizos serán os do día da formalización da correspondente acta de aceptación.

2.- Esta comisión de servizos ten carácter temporal e a súa duración será dun ano. Dita comisión de servizos pode prorrogarse un ano máis ou ata a celebración, no seu caso, do correspondente proceso de provisión de postos. Unha vez terminada esta comisión de servizos, a citada funcionaria volverá ao seu posto de orixe en caso de non obter este posto con carácter definitivo polos sistemas legalmente establecidos.

3.- Notificar a presente resolución á interesada e á xefa de Departamento de Orzamentos e Estudos Económicos.

A Coruña, na data da sinatura electrónica deste documento

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, P.D.

Concelleiro Delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior

José Manuel Lage Tuñas